

REGISTRO CIVIL DE FERROL

DOCUMENTACIÓN QUE É PRECISO ACHEGAR PARA INICIAR EXPEDIENTE DE MATRIMONIO CIVIL:

➤ **OS/AS DOUS/DÚAS CONTRAENTES (EN TODOS OS CASOS):**

1. INSTANCIA E DECLARACIÓN XURADA.

2. CADANSEU DNI, PASAPORTE ou NIE en vigor.

[TANTO OS ORIXINAIS COMA AS RESPECTIVAS FOTOCOPIAS.]

3. CADANSEU CERTIFICADO LITERAL DE NACEMENTO, expedido con antelación inferior a un ano polo rexistro civil do lugar de nacemento.

[AS PERSOAS NACIONALIZADAS DEBERÁN ACHEGAR SÓ O CERTIFICADO DE NACEMENTO ESPAÑOL.]

4. ACREDITACIÓN DO/S MUNICIPIOS EN QUE SE RESIDIU DURANTE OS DOUS ÚLTIMOS ANOS ANTERIORES AO MATRIMONIO.

[ACREDÍTASE CON CERTIFICADO DO **PADRÓN MUNICIPAL** (QUE CADUCA AOS TRES MESES DE EXPEDIDO), OU BEN CON CERTIFICADO DO CONSULADO CORRESPONDENTE NO SUPOSTO DE QUE SE RESIDIRA NO ESTRANXEIRO, ASÍ COMO A NECESIDADE OU NON DE PUBLICACIÓN DE EDICTOS.

Para o suposto excepcional de que non se estivera empadroadado/a, deberá acreditar a súa residencia con algún dos seguintes documentos, nos cales terá que constar o seu nome e enderezo e mais o período de residencia que se quere acreditar:

- contratos de alugueiro, con carta da persoa arrendadora;
- carta da empresa para a que se traballa, con selo da empresa;
- carta do/a presidente/a da comunidade de veciños, xunto con copia da acta onde foi nomeado/a presidente/a;
- carta da sucursal do banco onde ten a súa conta, con selo do banco;
- recibos de envío de diñeiro, da auga, da luz, etc. durante ese período de tempo.

5. TRES TESTEMUÑAS [DÚAS DAS TESTEMUÑAS NON PODEN SER FAMILIARES DE NINGÚN/NINGUNHA DOS/AS CONTRAENTES, MENTRES QUE A OUTRA SI QUE O DEBERÁ SER DALGÚN/DALGUNHA DELES/AS], cos seus DNIs, NIE ou pasaporte. Deberán comparecer o día da cita.

➤ **A MAIORES DEBERÁN PRESENTAR, SEGUNDO SEXA O SEU CASO:**

● **ESPAÑOIS/ESPAÑOLAS:**

- **DIVORCIADOS/AS OU ANULADOS/AS:** certificado literal do matrimonio anterior, con anotación marxinal do divorcio ou a nulidade.
- **VIÚVOS/AS:** certificado literal do matrimonio anterior e mais certificado literal de defunción do/a cónxuxe finado/a.

● **ESTRANXEIROS/AS:**

Certificado de capacidade matrimonial ou certificado de solteiría, segundo o que estableza a lei do seu país.

E a maiores, os/as:

- **DIVORCIADOS/AS OU ANULADOS/AS:** certificado literal do matrimonio anterior, con anotación marxinal do divorcio ou a nulidade.
- **VIÚVOS/AS:** certificado literal do matrimonio anterior e mais certificado literal de defunción do/a cónxuxe falecido/a.

Toda a documentación, sexa cal sexa, que estea en lingua estranxeira debe estar acompañada dunha TRADUCIÓN ao castelán realizada por tradutor xurado.

ADEMAIS, O ORIXINAL DA DOCUMENTACIÓN ESTRANXEIRA, ESTEA ESCRITO EN CASTELÁN OU NOUTRO IDIOMA, DEBE SER DEBIDAMENTE LEGALIZADO.

[INFÓRMESE AO RESPECTO NO SEU CONSULADO OU NO MINISTERIO DE ASUNTOS EXTERIORES DE ESPAÑA.]

O/A contraente que non se comunique en castelán deberá comparecer sempre no rexistro civil con tradutor xurado.

● **MENORES DE IDADE:**

Deberán obter, con carácter previo á presentación dos documentos para o matrimonio:

- ou ben a emancipación entre os 16 e os 18 anos (que deberá constar inscrita como nota marxinal da inscrición de nacemento);
- ou ben a dispensa de idade (a partir dos 14 anos).

● **ASILADOS/AS OU REFUXIADOS/AS:**

Deberán fornecer certificado da Dirección Xeral da Policía, do ACNUR, da Cruz Vermella ou dos organismos correspondentes, no cal consten os datos persoais da persoa interesada, que acredite tal condición.

IMPORTANTE:

- 1º. Non deben fixar a data de celebración antes de finalizado o expediente.
- 2º. No Rexistro Civil de Ferrol celébranse vodas, sempre en xoves e/ou venres.
- 3º. Deberán ter claro no momento de presentar a documentación o lugar onde van celebrar o matrimonio.

Sección de Expedientes:

Teléfono: 981 337 355

Correo electrónico: registrocivil.ferrol@justicia.es